

ELECCIÓN NACIONAL

A normativa vixente pola que se rexe é a Lei Orgánica 5/1985 que regula o Réxime Electoral Xeral.

1) DEREITO AO SUFRAXIO

-Activo: españois maiores de idade inscritos no censo electoral vixente e na Mesa Electoral correspondente.

-Pasivo: españois maiores de idade con cualidade de elector e que non se atopen incursos nalguna das causas de inelixibilidade establecidas na Lei Orgánica 5/1985 que regula o Réxime Electoral Xeral.

-Acreditación para exercer tal dereito:

1. a) Documento Nacional de Identidade
2. b) Pasaporte
3. c) Permiso de conducir

*Salvo persoas estranxeiras -> tarxeta de residencia

2) CARGOS A ELEXIR

-Compoñentes das Cortes xerais, dividida en dúas cámaras:

1. Congreso dos Deputados (entre 300 e 400 compositores)
2. Senado

3) INSTRUMENTOS DA ADMINISTRACIÓN ELECTORAL

- **Xuntas Electorais**

1. Central
2. Provincial
3. De zona
4. De Comunidade Autónoma

- **Mesas Electorais**

1. 1 presidente
2. 2 vocais
3. 2 suplentes

4) PRESENTACIÓN DAS CANDIDATURAS

-Entre o decimoquinto e vixésimo día posterior á convocatoria: presentación dos representantes dos partidos, federacións, coalicións e agrupacións

-Dous días despois: publicación das candidaturas

-Dous días despois: comunicación das candidaturas e irregularidades en caso de habelas

-Tres días despois: proclamación dos candidatos

-Un día despois: publicación das candidaturas proclamadas

5) CAMPAÑA ELECTORAL

-Requisitos para promoverla

1) Informar ós cidadáns sobre:

1. a) Data de votación
2. b) Procedemento
3. c) Requisitos
4. d) Trámite de voto por correo
5. e) Non influír na orientación do voto dos electores

2) Comezo da campaña

- No trixésimo octavo día posterior á convocatoria

3) Duración

- 15 días ata ás 00:00h do día anterior á votación

6) ESCRUTINIO

1) É público

2) Tipos de voto:

1. VOTO NULO

- son emitidos en sobres ou papeletas diferentes ás oficiais

- son emitidos en papeletas sen sobre ou en sobre con máis dunha papeleta de distinta candidatura

- son emitidos coa modificación da presentación dos candidatos

*No caso das eleccións ao Senado, serán nulos tamén os emitidos con máis de tres representantes elixidos en total.

2. VOTO EN BRANCO:

- cando non conteña papeleta

3. VOTO VÁLIDO:

- o que siga as disposicións sinaladas na Lei Orgánica 5/1985 do REX

3) Cando e quen oa realiza?

- as Xuntas Electorais correspondentes o terceiro día seguinte ao da votación

7) CIRCUNSCRIPCIÓNS

1. Unha por provincia, incluídas Ceuta e Melilla e, sen elixir senadores, Illas Baleares e Canarias
2. 350 deputados con dous para cada provincia (salvo Ceuta e Melilla); os restantes distribúense en proporción á poboación

8) OUTROS

- **ATRIBUCIÓN**
- Agrúpanse nunha columna as candidaturas
- Candidaturas que superen a barreira de entrada (3%) sometidas a cociente de números enteiros que comezan no un e determinan o escaño de dita candidatura
- **TEMPO DE MANDATO**
- 4 anos
- **COMO SE CONVOCAN?**
- Mediante Real Decreto

ELECCIÓNS AUTONÓMICAS

A normativa vixente é a Lei Orgánica 8/1985 que regula as Eleccións ao Parlamento de Galicia

DEREITO AO SUFRAXIO

Mesmas disposicións que para as eleccións nacionais cunha condición engadida: residir en Galicia

CARGOS A ELIXIR

Presidente do Parlamento de Galicia

Deputados

PRESENTACIÓN DAS CANDIDATURAS

No undécimo día anterior á convocatoria: designación dos representantes ante a Xunta Electoral de Galicia

Dous días despois da convocatoria: comunicación por parte da Xunta Electoral Provincial dos representantes das candidaturas

No undécimoquinto día despois da convocatoria: aceptación das candidaturas

CAMPAÑA ELECTORAL

Séguese o disposto na LO 5/1985

ESCRUTINIO

Séguese o disposto na LO 5/1985

CIRCUNSCRIPCIÓNS

1 por provincia

TEMPO DE MANDATO

4 anos

COMO SE CONVOCAN?

Mediante Real Decreto sempre o terceiro domingo de maio

ELECCIÓN LOCAIS

DEREITO AO SUFRAXIO

Séguese as mesmas disposicións que para as eleccións nacionais

CARGOS A ELIXIR

Alcalde do concello

Concelleiros

PRESENTACIÓN DAS CANDIDATURAS

Establecido pola lei vixente en cada Comunidade Autónoma

CAMPAÑA ELECTORAL

Mesmas disposicións que para as eleccións nacionais

ESCRUTINIO

Mesmas disposicións que para as eleccións nacionais

CIRCUNSCRIPCIÓNS

O municipio propiamente dito

O número de concelleiros determínase en función de:

100 habitantes = tres concelleiros

101-250 habitantes = cinco concelleiros

251-1000 habitantes = sete concelleiros

1001-2000 habitantes = nove concelleiros

2001-5000 habitantes = once concelleiros

5001-10000 habitantes = trece concelleiros

10001-20000 habitantes = dezasete concelleiros

20001-50000 habitantes = vinte e un concelleiros

50001-100000 habitantes = vinte e cinco concelleiros

+100000 habitantes = 1+ por cada 100000 habitantes *** se remata en número par engádese un.

TEMPO DE MANDATO

4 anos

COMO SE CONVOCAN?

Mediante Real Decreto